



005814 03.08.2010 13:14

No anexo I da convocatoria de matrícula do curso académico 2010/2011, no apartado II sobre matrícula para continuar os estudos na USC, estableceuse o prazo do 1 ao 20 de outubro de 2010 para a matrícula dos alumnos que se adaptan dun plan en extinción aos estudos de Grao. O motivo de que se establecera este prazo é para permitir que os alumnos destes plans, que están pendentes das cualificacións da convocatoria de setembro, puideran facer a adaptación aos estudos de Grao, logo de que se cumprimentaran as actas desta convocatoria.

Non obstante, hai titulacións en proceso de extinción que xa non teñen convocatoria de setembro, senón que os exames da segunda convocatoria se realizan no mes de xullo, por terse acollido o centro, no curso académico 2009/10, ao calendario para Grao e Máster.

Tendo en conta que os alumnos e as alumnas destas titulacións non están pendentes de ser cualificados en setembro, cómpre adiantar o prazo para que poidan solicitar a adaptación e a matrícula nos estudos de Grao, antes do inicio das actividades académicas.

Por este motivo, **ESTA REITORIA RESOLVE:**

UNICO.- Modificar o anexo I da convocatoria de matrícula do curso académico 2010/11, aprobada por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2010, no apartado II sobre matrícula para continuar estudos iniciados na USC, coa seguinte redacción no prazo para os alumnos que se adaptan aos estudos de Grao:

- Do 1 ao 20 de outubro de 2010 para alumnos/as que se adaptan do plan en extinción (só alumnos da USC). Non obstante, os alumnos e as alumnas de titulacións que se acolleron, no curso académico 2009/10, ao calendario de Grao e Máster, poderán facer a adaptación e matrícula nos estudos de Grao no prazo comprendido entre o 1 e o 10 de setembro de 2010.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010

O REITOR,



Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE ESTUDOS DE GRAO E POSGRAO - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA --OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS - UNIXEST- FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS DE LUGO - ESCOLA POLITECNICA SUPERIOR - ESCOLA TECNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA - FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN - FACULTADE DE FARMACIA - FACULTADE DE HUMANIDADES - FACULTADE DE CIECNIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS